

RELIXIÓN CATÓLICA

2º ED.PRIMARIA
CURSO
2021-22

1. Introducción e contextualización da programación
2. Actuacións para garantir a educación nos escenarios de semipresencialidade
3. Obxetivos en clave de competencias
4. Temporalización ,ponderación e instrumentos de avaliación para primeiro curso
5. Ensinanzas transversais
6. Contidos, criterios de avaliación mínimos e non presencialidade esixibles para superar primeiro curso
7. Criterios de cualificación
8. Metodoloxía
9. Organización de espazos
10. Materiais e recursos didácticos
11. Atención á diversidade
12. Estratexias para incorporar as TIC na aula
13. Estratexias para estimular interese, hábito de lectura e desenvolver expresións oral e escrita
14. Actividades complementarias e extraescolares
15. Procedementos para valorar o axuste entre a programación didáctica e os resultados

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Neste curso 2021-2022, a programación didáctica debe atender ás especificacións ditadas na *Instrución do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021*. Así, reflectirase na presente programación a adecuación da acción docente á situación provocada pola COVID-19, incidindo na atención ao posible retraso académico producido durante o curso 2020-2021 e na forma de adaptar a metodoloxía e o currículo para acadar as aprendizaxes imprescindibles do pasado e presente curso académico, na modalidade presencial, semipresencial e/ou non presencial.

. Esta programación pretende completar o plan de acción para 2º curso de Educación Primaria . Será desenvolvida nun **CEIP** de 9 unidades . A xornada que se imparte neste centro é **xornada continuada**. Dito centro posúe os recursos e servizos propios dun centro desta tipoloxía e ademais participa en diferentes plans de dinamización : plan de Normalización Lingüística , plan de Convivencia Escolar, plan de Dinamización das TICs , PLAMBE...

2. ACTUACIÓNS PARA GARANTIR A EDUCACIÓN NOS ESCENARIOS DE SEMIPRESENCIALIDADE E NON PRESENCIALIDADE:

A situación provocada pola COVID-19 obríganos a **planificar unha atención educativa que contemple posibles escenarios de semipresencialidade e/ou non presencialidade**. Debido ás medidas que as autoridades sanitarias consideren oportuno levar a cabo dependendo da evolución da pandemia, pódese producir que un ou varios alumnos estén en illamento ou corentena mentres o resto do grupo continúa de forma presencial, ou que a totalidade do alumnado teña que continuar a súa formación de forma non presencial.

Para iso, e en consoancia co **Plan de Continxencia** elaborado polo centro conforme ás directrices do Protocolo de Adaptación ao contexto da COVID-19, acórdanse as seguintes actuacións:

- Durante o proceso educativo presencial no centro, o alumnado será instruído no manexo da aula virtual do centro, e o **equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión** ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

- **A atención ao alumnado** que deba continuar o proceso formativo de forma non presencial será levado a cabo baixo as seguintes directrices:

- a) **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, a través das canles de comunicación sinaladas no “Plan de Adaptación á situación Covid no curso 2020-2021” (páxina web do centro, aplicación “AbalarMobil”, teléfono do centro, servizo de videoconferencias “Webex Cisco” e contas de correo das familias e as corporativas do profesorado) tanto para coñecer a evolución do seu estado de saúde como para atender as demandas educativas do alumnado.

- b) **Actualizar a aula virtual** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

- c) Complementar as tarefas propostas a través da aula virtual coa **utilización dos libros de texto** e a proposta de tarefas para **realizar nas libretas**.

OBXECTIVOS EN CLAVE DE COMPETENCIAS

Competencia social e cívica:

Interese por coñecer os compañeiros

Compromiso en ser solidari

Mellorar as súas relacións interpersoais.

Valorar a importancia do compromiso.

Ilusionarse por proxectos de vida destinados a axudar a outros.

Achegarse á idea de fraternidade universal.

Aprender a construír unha personalidade baseada en valores cristiáns.

Descubrir e asumir valores de corresponsabilidade social.

Resolver conflitos

Aprender a construír unha personalidade baseada en valores cristiáns.

Recoñecer o ben e a verdade.

Valorar e admirar o testemuño de homes e mulleres que son modelo.

Valorar o amor e os froitos da doazón dun mesmo.

Comunicación lingüística:

Expresarse con confianza.

Comprender a linguaxe bíblica.
Comprender a linguaxe das oracións.
Enriquecer o seu vocabulario relixioso.
Comprender os contidos e aplicalos á realidade.
Comprender a linguaxe simbólica das parábolas.
Valorar a linguaxe testemuñal dos cristiáns.
Expresarse con confianza de forma oral, escrita e noutras linguaxes.
Participar activamente en diálogos achegando ideas e opinións razoadas.
Comprender a linguaxe simbólica das parábolas

Cultural e artística:

Descibir escenas en obras de arte.
Aprender a identificar elementos simbólicos en arte sobre Xesús e os apóstolos.
Desenvolver a creatividade no deseño artístico.
Cantar cancións con mensaxe social e espiritual.
Recoñecer no seu contorno elementos relixiosos.
Valorar e respectar festas de vida cristiá.
Admirar o patrimonio cultural.

Aprender a aprender:

Analizar casos.
Razoar de forma lóxica e dar a propia opinión.
Identificar a verdade e o ben
Identificar o ben.
Participar en actividades de grupo.
Razoar de forma lóxica.
Opinar.
Recoñecer as súas propias equivocacións e rectificar.
Saber perdoar.
Buscar información e expola.
Elixir e planificar os seus proxectos.

Autonomía e iniciativa persoal:

Aprender a coñecerse e compartir experiencias.
Aprender a reflexionar sobre un feito e emitir un xuízo moral baseado en principios, valores e actitudes evanxélicas
Desenvolver a capacidade empática.
Recoñecer as súas propias equivocacións.
Compartir experiencias.
Desenvolver a capacidade empática.
Reflexionar sobre un feito social e emitir un xuízo moral baseado en actitudes evanxélicas.

Tratamento da información e competencia dixital:

Buscar e utilizar información en diversos soportes.

Identificar e utilizar as tecnoloxías da información para elaborar proxectos

Coñecemento e interacción co mundo físico:

Descubrir e admirar a beleza da Creación.

TEMPORALIZACIÓN , PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DE SEGUNDO CURSO.

LENDAS para os porcentaxes do “ grao mínimo de consecución ” dos Estándares de Aprendizaxe Avaliables:
Entre 0% e 5%: “non acadado” Entre 5% e 10%: “en proceso” Entre 10% e 20%: “acadado con axuda” Entre 20% e 30%: “acadado sen axuda”

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	C.C.
REC-B4.3	2º-REC-B.4.3.1 - Relaciona a unidade da Igrexa coa a unidade dos órganos do seu propio corpo.	15%			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Asamblea. Cuestionario pechado.	CSC
REC-B4.3	2º-REC-B.4.3.2 - Sinala en diferentes expresións artísticas a representación de Deus como Pai de todos.	10%			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CCEC, CSC
REC-B4.4	2º-REC-B.4.4.1 - Constrúe un	10%			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos	CCEC, CSC

	calendario onde sitúa os diferentes tempos litúrxicos.					alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea. Producións plásticas.	
REC-B1.1	2º-REC-B1.1.1 - Toma conciencia e expresa os momentos e as cousas que lle fan feliz a el e as persoas da súa contorna.	30%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Asamblea. Diario de clase.	CSC
REC-B1.2	2º-REC-B1.2.1 - Descubre a nomea situacións nas que necesita das persoas, e sobre todo a Deus, para vivir.	30%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea. Posta en común.	CSC, CCL
REC-B1.3	2º-REC-B1.3.1 - Valora e agradece que Deus creoulle para ser feliz.	30%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CSC
REC-B1.4	2º-REC-B1.4.1 - Le e comprende o relato bíblico do Paraíso.	25%			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea. Resumo.	CCEC, CSC, CCL
REC-B1.4	2º-RECB-1.4.2 - Identifica e representa gráficamente os dons que Deus fai ao home na Creación.	25%			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións plásticas.	CCEC, CSC
REC-B1.4	2º-REC-B1.4.3 - Expresa, oral e xestualmente, de forma sinxela, a gratuidade de Deus pola súa	30%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.	CLC, CSC

	amizade.					INSTRUMENTOS: Asamblea. Diario de clase.	
REC-B2.1	2º-REC-B2.1.1 - Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia.	20%		X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea. Producións plásticas.	CAA, CCL, CSC
REC-B2.1	2º-REC-B2.1.2 - Selecciona e representa distintas escenas bíblicas da acción de Deus na historia.	25%	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Producións plásticas.	CCEC
REC-B2.2	2º-REC-B2.2.1 - Asocia expresións e comportamentos dos Patriarcas nos relatos bíblicos a través de recursos interactivos.	15%		X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CD, CCL, CSC
REC-B2.2	2º-REC-B2.2.2 - Dramatiza momentos da vida dos Patriarcas onde se exprese a protección, o coidado e o acompañamento de Deus.	10%		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións motrices. Xogos de simulación e dramáticos.	CCEC, CSC
REC-B2.3	2º-REC-B2.3.1 - Escoita e describe coas súas palabras momentos nos que Deus axuda ao pobo de Israel.	15%		X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea. Posta en común.	CCL, CSC
REC-B3.1	2º-REC-B3.1.1 - Le e expresa, verbal ou gráficamente o relato da Anunciación.	15%	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea. Producións plásticas.	CCL, CSC, CCEC

REC-B3.1	2º-REC-B3.1.2 - Dramatiza a misión dos personaxes que interviñen na Anunciación.	10%	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións motrices. Xogos de simulación e dramáticos.</p>	CCEC, CSC
REC-B3.2	2º-REC-B3.2.1 - Identifica os signos do Advento como tempo de espera.	25%	X			<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asamblea. Producións plásticas.</p>	CCEC, CSC
REC-B3.2	2º-REC-B3.2.2 - Recoñece e valora a necesidade da espera como actitude cotiá da vida.	30%	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Asamblea.</p>	CSC
REC-B3.3	2º-REC-B3.3.1 - Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxes o valor profundo do Nadal.	25%	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Entrevista. Asamblea.</p>	CCEC, CSC, CCL
REC-B4.1	2º-REC-B4.1.1 - Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo.	20%			X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asamblea. Posta en común.</p>	CSC, CCL
REC-B4.1	2º-REC-B4.1.2 - Identifica aos pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús.	20%			X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asamblea. Posta en común.</p>	CSC, CCL
REC-B4.2	2º-REC-B4.2.1 - Asocia os elementos	20%			X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p>	CCEC

	materiais do auga, a luz e o óleo co seu significado sacramental.				INSTRUMENTOS: Asamblea. Posta en común.	
--	---	--	--	--	--	--

ENSINANZAS TRANSVERSAIS

Educación para a igualdade entre os sexos

— Fomentar o rexeitamento ante calquera discriminación por razón de sexo.

Educación do consumidor

- Identificar costumes e tradicións do Nadal.
- Identificar aspectos necesarios para vivir e ser feliz.

Educación ambiental

— Amosar interese por respectar e coidar a natureza creada por Deus.

Educación para a saúde e a calidade de vida. Educación sexual

- Coñecer e practicar hábitos elementais de hixiene, alimentación e coidado persoal.
- Coñecer e apreciar os aspectos biolóxicos, emocionais e sociais da sexualidade.

Educación para a paz

- Comprometerse en acoller.
- Aprender a compartir.
- Valorar o perdón como base para a convivencia.
- Amosar gratitude polo amor recibido.
- Apreciar e respectar as celebracións de Semana Santa.
- Transmitir alegría e felicidade.

Educación moral e cívica

- Interesarse por coñecer os compañeiros.
- Identificar actitudes baseadas no Amor.
- Comprometerse en ser solidario.
- Valorar a pertenza a un equipo e os seus logros.
- Participar nas tarefas domésticas.
- Reflexionar sobre a propia actitude de coidado dos demais.
- Respectar o templo dos cristiáns.

Educación viaria

— Coñecer e respectar as normas básicas para desprazarse como peóns e como usuarios dun medio de transporte.

CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS PARA SUPERAR SEGUNDO CURSO

En consonancia coas Instrucións do 30 de xullo de 2020 da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021*, identificamos as “aprendizaxes imprescindibles” que o alumnado debe adquirir para o desenvolvemento das competencias clave. Deste xeito, amosamos a continuación a relación dos Estándares de Aprendizaxe Avaliables do currículo programados na anterior táboa, pero reducidos a “aprendizaxes imprescindibles”

CONTIDOS :

Accións correctas dos bos amigos.

A Biblia narra o que Deus fixo na historia.

Os patriarcas Noé

As celebracións do Nadal.

A cruz, símbolo dos cristiáns.

Resolución de conflitos.

A equivocación e o perdón.

Desenvolvemento da empatía e expresión de sentimentos.

Importancia das celebracións de Semana Santa.

Sentido e celebracións de Semana Santa.

O mandamento do amor.

CRITERIOS

Sinalar e valorar as accións correctas dos bos amigos.

Valorar o exemplo de confianza en Deus dos personaxes de Noé e Moisés.

Amosar unha actitude de amor e entrega os demais no momento de ensinar algún coñecemento adquirido.

Explicar de forma ordenada e coherente o relato do nacemento de Xesús e a adoración dos Magos.

Apreciar a mensaxe do Nadal como a presenza do amor de Deus ás persoas.

Explicar o significado de símbolos cristiáns.

Mostrar unha actitude cristiá baseada no amor.

Reproducir o relato do Pai Bo e o fillo estragador e relacionalo coas ensinanzas de Xesús.

Comprender que Cristo é o camiño para chegar a Deus.

Explicar o porqué da celebración da Semana Santa e a raíz celebrativa da festa cristiá.

Situar e nomear símbolos relixiosos na festa cristiá.

Comprometerse en amosar unha actitude alegre na súa relación cos demais.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN :

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das Competencias do alumno de Segundo Curso

de EP, a través de todas as actividades que leve a cabo.

A avaliación das aprendizaxes realizarase de forma continua e formativa, e preferentemente de forma presencial. De non ser posible a avaliación presencial do traballo realizado polo alumnado, establecemos as seguintes estratexias e instrumentos de avaliación para o ensino non presencial

- Reconto das cualificacións acumuladas na aula virtual, a través do rexistro de realización das tarefas (enquisas, tarefas entregables, etc.)
- Análise do portfolio do alumnado a través do envío de evidencias a través do correo electrónico (fotos dos traballos realizados, vídeos...)
- Valoración do esforzo realizado polo alumnado tendo en conta as súas condicións individuais e/ou familiares (análise do contexto familiar a través das titorías).
- Emprego de rúbricas, escalas de valoración, indicadores de logro, etc. para a determinación da cualificación obtida en determinadas tarefas.

En caso de poder realizar unha avaliación presencial das aprendizaxes, terase en conta:

A cualificación estará relacionada co grao de adquisición das Competencias do alumno de 2º Curso de EP, a través de todas as actividades que leve a cabo.

Esta proposta pode servir como referente.

	Crterios
1. Traballo autónomo (aula, outros espazos).	<ul style="list-style-type: none">• Realización sen axuda externa.• Estimación do tempo investido para resolver unha actividade.• Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.• Orde e limpeza na presentación.• Caligrafía.• Destrezas.• Revisión do traballo antes de dalo por finalizado.• Valoración entre o traballo na clase e na casa.• Creatividade.• ...
2. Probas orais e escritas.	<ul style="list-style-type: none">• Valoración da aprendizaxe dos contidos.• Valoración dos procesos seguidos e dos resultados.• Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación.• Valoración tempo investido/tempo necesario para resolver unha actividade.

	<ul style="list-style-type: none"> • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía lexible. • Tempo de realización. • Destrezas. • ...
3. Actividades TIC.	<ul style="list-style-type: none"> • Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgunha ferramenta telemática. • Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade. • Tipo de participación (autónomo, con apoio, ningunha). • Grao de elaboración da resposta. • Interese, motivación. • ...
4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de resposta...).	<ul style="list-style-type: none"> • Nivel e calidade das intervencións. • Mensaxe estruturada. • Uso de vocabulario apropiado. • Comportamento. • Esfuerzo. • Interese. • ...
5. Traballo cooperativo. Valoración individual e grupal.	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballo cooperativo. • Grao de comunicación cos compañeiros. • Resolución de conflitos. • Interese, motivación. • Creatividade. • Iniciativa. • Opinión persoal do traballo e como se levou a cabo. • ...
6. Arquivo de traballo individual.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación clara e ordenada. • Actualizado. • Razoamento da selección das producións que forman o arquivo. • ...
7. Experiencias e traballos de investigación.	<ul style="list-style-type: none"> • Uso adecuado dos manuais de consulta (enciclopedias, dicionario...) e de Internet. • Correcta selección, interpretación e síntese da información. • Espírito de cooperación e compañeirismo...

METODOLOXÍA

A situación provocada pola pandemia da COVID-19 obríganos a tomar medidas de carácter organizativo e metodolóxico, polo que se atenderá ás puntualizacións redactadas nos apartados do Plan de Adaptación á situación Covid no curso 2020-2021 nos que se especifican os usos das diferentes espazos e emprego de materiais.

A área de Relixión Católica, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inicia aos alumnos no coñecemento, na análise e na valoración do contorno físico, social e cultural.

A ensinanza da área toma, como base para futuras aprendizaxes, os coñecementos previos que os alumnos adquiriron en contacto co contorno. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e as súas relacións cos demais, como do coñecemento e coidado do contorno natural.

A observación sistemática en situacións diferentes e a experimentación adquiren un papel relevante na interpretación de feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo iso conduce á introdución do método científico.

Dado o carácter interdisciplinario, débese insistir no protagonismo de todas as ciencias que configuran a área de Relixión Católica.

A **integración das Competencias** e das **Intelixencias múltiples** na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita, hipótese, comprobación, conclusións, resolución de problemas...) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno.

A través destes proxectos os alumnos poden desenvolver as súas capacidades ao redor da planificación do traballo, a selección dun tema de interese, dos contidos e dos materiais que se van utilizar, a elaboración e presentación do proxecto, a súa corrección e, finalmente, a exposición, todo baixo un prisma de colaboración e intercambio entre iguais. En definitiva, predomina o traballo cooperativo que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e comprensión das opinións alleas, e a reflexión sobre as ideas propias.

A conxunción do traballo individual e o colectivo, das actividades na clase, durante excursións ou no laboratorio, e da reflexión e da resolución práctica contribúe a asentar o coñecemento integrado e globalizado do medio social, natural e cultural que o envolve.

Á hora de avaliar, a **rúbrica de avaliación** convértese para o profesor nun instrumento ou guía dunha serie de criterios avaliábeis de coñecementos e competencias, en distintos graos de consecución, logrados polo alumno.

O **uso das TIC** en Relixión Católica facilita a observación de procesos e procedementos, a manipulación-elaboración de exercicios e dótaas dun compoñente lúdico e motivacional.

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de aprendizaxe que expoñen:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno de Primeiro Curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das Competencias propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan Competencias e Intelixencias múltiples: traballo individual, en grupo, traballo cooperativo en Proxectos, uso das TIC, actividades que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, abordan diversidade de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de Competencias a todos os alumnos.
-

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

Espazos	Secuencia
<ul style="list-style-type: none"> • Aula: Adaptable segundo as actividades (orais, escritas, proxectos, con encerado dixital, canón...). A disposición permitirá desprazarse con facilidade polos distintos espazos, e os materiais estarán ao alcance dos nenos para que traballen de forma autónoma. • Espazos comúns: Patio, corredores, ximnasio, comedor, biblioteca do centro, sala de informática... • Espazos exteriores (casa, biblioteca, visitas...): Proxectos cooperativos, exercicios de aplicación, consolidación e estudo autónomo. • ... 	<ul style="list-style-type: none"> • Motivación inicial e activación de coñecementos previos. • Desenvolvemento dos contidos e actividades. • Actividades de reforzo, ampliación e avaliación.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar a área de Relixión Católica de 2º Curso.

- Libro de texto: *Relixión Católica*
- Recursos dixitais na web.
- Material funxible.
- Material manipulable e experimental propio da área.

- Recursos educativos (Internet).
- Ordenador.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Propostas para traballar a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades dos alumnos/as:

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR (REFORZO):** Fichas fotocopiáveis con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de Competencias por parte dos alumnos.
- **AMPLIACIÓN:** Fichas fotocopiáveis con actividades de maior dificultade pola súa resolución, polo tratamento doutros contidos relacionados cos do curso etc.
- **COMPETENCIAS e INTELIXENCIAS MÚLTIPLES:** Contémplase a diversidade de estilos cognitivos e de intelixencias en aprendizaxes coa lectura, o movemento, a representación plástica, a dramatización...
- **PLANS INDIVIDUAIS** dirixidos a alumnos que o requiren (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación).
- **ENSINANZA TITORIZADA.**
- **TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN.**
- **LECTURAS E CONSULTAS DE FORMA LIBRE.**

ESTRATEGIAS PARA INCORPORAR AS TIC NA AULA

Para incorporar as TIC na aula propóñense unha serie de recursos **integrados** cos contidos e actividades da área de Relixión Católica para Segundo Curso, que complementan e amplían.

<i>Actividades TIC</i>	Actividades integradas nas secuencias de aprendizaxe.
<i>Ligazóns a Internet</i>	Aproveitamento de recursos educativos en Internet: Procura de imaxes, información ou curiosidades, selección e organización para transformalo en coñecemento.
<i>Recursos dixitais na web</i>	Actividades interactivas): O alumno responde seleccionando a opción correcta, clasificando os elementos en diferentes grupos ou situándoos na súa posición correcta.

ESTRATEGIAS PARA ESTIMULAR O INTERESE E O HÁBITO DA LECTURA E DESENVOLVER A EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA

Lectura:

- Lectura do libro de texto.
- Outros textos escritos: curtos, de tipoloxía diferente (informativo, descritivo, contos, poemas...).

- Textos en apoio dixital (internet e aplicacións informáticas, lectura en pantalla).
- Textos orais complementados e acompañados de imaxes ou audios.

Expresión:

- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos e intervencións: planificación, redacción, revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.
- Expresión escrita en papel e en pantalla.

1.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Relación das actividades complementarias e extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa área de Relixión Católica.

Exemplo:

- Visita a unha igrexa e explicar as súas partes e a súa liturxia.
- Facer unha excursión ao campo e identificar os elementos da natureza regalo de Deus. Identificar os símbolos de vida (auga, luz...).
- Visitar unha exposición de nacementos.
- Visita dos Reis Magos.
- Participación no Festival de Nadal organizado polo centro educativo, talleres.
- Exposición, xornadas..., interesantes desde o punto de vista da área de Relixión Católica.
- ...

PROCEDEMENTOS PARA VALORAR O AXUSTE ENTRE A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E OS RESULTADOS

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
Preparación da clase e os materiais didácticos	Hai coherencia entre o que se programou e o desenvolvemento das clases.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.		

Utilización dunha metodoloxía adecuada	Tivéronse en conta as aprendizaxes significativas.		
	Considérase a interdisciplinarietàade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).		
	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.		
Regulación da práctica docente	Grao de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están acordados entre o profesorado.		
Avaliación das aprendizaxes e información que se lles dá aos alumnos e ás familias	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e contidos.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables das aprendizaxes.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación danse a coñecer: <ul style="list-style-type: none"> • Aos alumnos. • Ás familias. 		
Utilización de medidas para a atención á diversidade	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofrecéronse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplicáronse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos.		
...

PROGRAMACIÓN DE APOIOS A NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	Alumnos							
	1	2	3	4	5	6	7	8
Atención individualizada na aula para a realización das actividades propostas. Adaptación das actividades da programación. Atención individualizada dentro e fóra da aula para a realización das actividades adaptadas. Adaptación curricular significativa por necesidades educativas especiais. Adaptación curricular por alta capacidade intelectual. Adaptacións no material curricular por incorporación tardía no sistema educativo. ...								